	Atención plena e xestión do estrés	1	35	15			●
●	Prevenición e xestión de conflitos	1	50	25		●	
●	Técnicas efectivas para preparar presentacións	1	50	20		●	
	Técnicas elementais de arquivos	1	50	25		●	
●	Boas prácticas ambientais nas administracións públicas	1	50	30		●	

(1) As prazas corresponden a todas as edicións

(2) As horas corresponden a cada edición

d Administración electrónica, protección de datos e calidade administrativa							
NOVO	TÍTULO	EDICIÓNS	PRAZAS (1)	HORAS/ED. (2)	MODALIDADE		
					PRESENCIAL	TELEFOR-MACIÓN	TELEPRE-SENZA
	Seguridade da información no ámbito das universidades públicas	2	100	30		●	
	Introdución á protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais	2	100	30		●	
	Creación e edición de arquivos dixitais con Acrobat XI Pro	1	50	25		●	
	Dixitalización de documentos	1	50	25		●	
	Reutilización da información do sector público. Open data	1	50	20		●	

e Lingua galega							
NOVO	TÍTULO	EDICIÓNS	PRAZAS (1)	HORAS/ED. (2)	MODALIDADE		
					PRESENCIAL	TELEFOR-MACIÓN	TELEPRE-SENZA
	Medio de linguaxe administrativa galega	1	25	75		●	
	Superior de linguaxe administrativa galega	1	25	75		●	
	A normativa do galego estándar: actualización gramatical, ortográfica e léxica	1	30	40		●	●


(1) As prazas corresponden a todas as edicións

(2) As horas corresponden a cada edición

VI. Portal de idiomas

A formación en idiomas constitúe unha liña prioritaria no marco da oferta formativa da EGAP, coa que se pretende que o persoal ao servizo das distintas administracións poida mellorar as súas competencias na comprensión e uso das linguas estranxeiras, promovendo así o desenvolvemento de perfís plurilingües e favorecendo a interculturalidade.

Co obxecto de garantir unha maior racionalización na oferta formativa e facilitarlles o acceso ás persoas interesadas, todas as actividades de idiomas se integran nun programa formativo específico ao que poderá acceder o persoal das distintas administracións da Comunidade Autónoma. O obxectivo é que os empregados públicos poidan potenciar as súas competencias idiomáticas e, por ende, favorezan as súas posibilidades de comunicación nun contexto global.



NOVO	TÍTULO	EDICIÓNS	PRAZAS (1)	HORAS/ED. (2)	MODALIDADE		
					PRESENCIAL	TELEFOR- MACIÓN	TELEPRE- SENZA
	Lingua de signos A1.1	3	90	30		●	
	Lingua de signos A1.2	1	30	30		●	
●	Conversa e gramática en francés	1	15	50	●		
	Conversa en inglés	7	105	50	●		
	Comunicación en inglés no ámbito laboral	1	20	25	●		
	Inglés para postos de atención á cidadanía	2	40	25			●
	Inglés técnico-xurídico para o sector público	2	40	50		●	●
	Oratoria en lingua inglesa	1	20	20	●		
●	Redacción en lingua inglesa	1	25	15		●	
	Actualización en lingua inglesa. Nivel intermedio	1	20	50	●		
	Actualización en lingua inglesa. Nivel avanzado	1	20	50	●		
	Lingua inglesa. Nivel intermedio 1	5	100	50	●		
	Lingua inglesa. Nivel básico 1 (nivel 1)	1	125	50		●	
	Lingua inglesa. Nivel básico 1 (nivel 2)	1	100	50		●	
	Lingua inglesa. Nivel básico 2 (nivel 3)	1	75	50		●	
	Lingua inglesa. Nivel básico 2 (nivel 4)	1	75	50		●	
	Lingua inglesa. Nivel intermedio 1 (nivel 5)	1	75	50		●	
	Lingua inglesa. Nivel intermedio 1 (nivel 6)	1	50	50		●	
	Lingua inglesa. Nivel intermedio 1 (nivel 7)	1	25	50		●	

(1) As prazas corresponden a todas as edicións

(2) As horas corresponden a cada edición

NOVO	TÍTULO	EDICIÓN	PRAZAS (1)	HORAS/ED. (2)	MODALIDADE		
					PRESENCIAL	TELEFOR- MACIÓN	TELEPRE- SENZA
	Lingua inglesa. Nivel intermedio 1 (nivel 8)	1	25	50		●	
	Lingua inglesa. Nivel intermedio 2 (nivel 9)	1	25	50		●	
	Lingua inglesa. Nivel intermedio 2 (nivel 10)	1	25	50		●	
	Lingua italiana. Nivel básico 1	2	150	75		●	
●	Lingua italiana. Nivel básico 2	1	75	75		●	
	Lingua francesa. Nivel básico 1	3	225	150		●	
	Lingua francesa. Nivel básico 2	1	100	150		●	
	Lingua francesa. Nivel intermedio 1	1	50	150		●	
	Lingua francesa. Nivel intermedio 2	1	50	150		●	
	Lingua francesa. Nivel avanzado 1	1	50	150		●	
	Lingua portuguesa. Nivel básico 1 e nivel básico 2	2	230	100		●	
	Lingua portuguesa. Nivel intermedio 1	1	50	75		●	
	Lingua portuguesa. Nivel intermedio 2	1	50	75		●	
●	Lingua portuguesa. Nivel avanzado 1	1	50	75		●	
	Lingua alemá. Nivel básico 1	1	75	75		●	
	Lingua alemá. Nivel básico 2	1	50	75		●	
	Lingua alemá. Nivel intermedio 1	1	25	75		●	
	Lingua alemá. Nivel intermedio 2	1	25	75		●	

(1) As prazas corresponden a todas as edicións

(2) As horas corresponden a cada edición

VII. Plan formativo ofimático de Galicia

Este programa formativo persegue o obxectivo de mellorar as competencias tecnolóxicas dos empregados públicos, o cal resulta crucial para afrontar os retos que se lle presentan ás administracións no marco da sociedade do coñecemento.

Ao igual que no caso da formación en idiomas, as actividades enmarcadas no Plan ofimático tamén se articulan como un programa formativo específico dentro do Plan de formación da EGAP, co obxecto de que o persoal das distintas administracións da Comunidade Autónoma poida mellorar o seu nivel de capacitación no uso das tecnoloxías da información e da comunicación.



NOVO	TÍTULO	EDICIÓNS	PRAZAS (1)	HORAS/ED. (2)	MODALIDADE		
					PRESENCIAL	TELEFOR- MACIÓN	TELEPRE- SENZA
	Aplicacións informáticas de tratamento de textos (LibreOffice Writer)	7	350	30		●	
	Aplicacións informáticas de tratamento de textos (Microsoft Office 2019)	4	200	30		●	
	Aplicacións informáticas de follas de cálculo (LibreOffice Calc)	7	350	50		●	
	Aplicacións informáticas de follas de cálculo (Microsoft Office 2019)	4	200	50		●	
	Aplicacións informáticas de bases de datos relacionais (LibreOffice Base)	4	200	50		●	
	Aplicacións informáticas de bases de datos relacionais (Microsoft Office 2019)	3	150	50		●	
	Aplicacións informáticas para presentacións gráficas de información (LibreOffice Impress)	3	150	30		●	
	Aplicacións informáticas para presentacións gráficas de información (Microsoft Office 2019)	3	150	30		●	
	Sistema operativo, busca da información: internet/intranet e correo electrónico (Windows 10)	4	200	30		●	
	Sistema operativo, busca da información: internet/intranet e correo electrónico (GNU/Linux Debian 9)	1	50	30		●	

(1) As prazas corresponden a todas as edicións

(2) As horas corresponden a cada edición

VIII. Plan de formación en igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero

O impulso á formación en materia de igualdade, que constitúe unha liña estratéxica do Plan de formación da EGAP, persegue o obxectivo de que o maior número de empregados/as públicos/as poida contar cunha formación específica sobre estes contidos e adquirir unha perspectiva crítica na materia; que contribúa a que as distintas administracións públicas de Galicia poidan ser parte activa no avance cara á consecución da igualdade real e efectiva, e á erradicación da violencia de xénero na sociedade.

Estes contidos artéllanse, ademais, como un plan específico de formación, co propósito de que os distintos colectivos de empregados/as públicos/as poidan acceder á totalidade das actividades programadas na materia, tanto ás que abordan contidos de carácter básico como a aquelas que presentan un carácter máis especializado; incidindo especialmente na necesidade de integrar a perspectiva de xénero, cun carácter transversal, nos diversos ámbitos da xestión pública.

NOVO	TÍTULO	EDICIÓNS	PRAZAS (1)	HORAS/ED. (2)	MODALIDADE		
					PRESENCIAL	TELEFOR-MACIÓN	TELEPRE-SENZA
	Básico en igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero	7	350	20		●	
	Formación básica en igualdade de xénero nas administracións públicas	3	150	20		●	
	A educación emocional como ferramenta para promover a igualdade	1	50	20		●	
	Apoderamento feminino e crecemento persoal	1	30	15			●
●	Liderado con impacto de xénero	1	30	15			●
	O enfoque de xénero no deseño, execución e avaliación de plans, programas e proxectos	3	150	25		●	
●	Elaboración e implantación de plans de igualdade nas entidades locais	1	50	25		●	
	Integración da perspectiva de xénero na xestión pública	2	100	30		●	
●	Incorporación da perspectiva de xénero nos centros museísticos	1	35	16	●		
	Aproximación á violencia de xénero	1	50	30		●	
	Formación básica para a sensibilización e prevención da violencia de xénero	5	250	20		●	
	Violencia de xénero na adolescencia e xuventude	1	50	30		●	
●	A atención ás mulleres vítimas de violencia de xénero: especial referencia ás mulleres e nenas con discapacidade	1	24	20	●		
●	Violencia de xénero nas mulleres maiores	1	25	20	●		
	Acompañamento social e apoio ás mulleres que sofren violencia de xénero	1	50	25		●	
	Violencia familiar. Violencia sobre a muller e os menores. A violencia vicaria	1	35	14	●		
●	Delitos de odio por orientación sexual e identidade de xénero	1	30	20			●
●	A atención ás vítimas de trata de seres humanos con fins de explotación sexual	1	30	20			●
	Conciliación da vida persoal, familiar e laboral	5	250	30		●	
	Comunicación incluínte nas administracións públicas	1	25	20	●		
	Linguaxe administrativa non sexista e imaxe igualitaria na práctica da xestión pública	3	150	30		●	
	Muller, medios de comunicación e TIC	2	100	25		●	
	Sexting, sextorsión, violencia de xénero dixital	4	200	20		●	
	Ciberviolencias sexistas	1	50	25		●	

(1) As prazas corresponden a todas as edicións

(2) As horas corresponden a cada edición

IX. Instituto de Economía Pública de Galicia (IEP)

As actividades que se desenvolven no marco do Instituto de Economía Pública de Galicia (IEP) oriéntanse a achegarlle ao persoal empregado público unha oferta formativa dirixida a facerlles fronte aos principais retos que se lles presentan ás administracións públicas en materia económica e orzamentaria, con contidos especializados en materias como fiscalidade, financiamento público, economía orzamentaria, contratación pública, xestión de subvencións ou procedemento tributario, entre outras.

O obxectivo é que os distintos colectivos de empregados públicos poidan acceder a esta formación especializada; e contribuír así, en último termo, á defensa dos intereses da Comunidade Autónoma en materia de financiamento autonómico e captación de fondos da UE, así como ao fortalecemento dos sistemas de control interno e de prevención de riscos de xestión nas administracións.




NOVO	TÍTULO	EDICIÓN	PRAZAS (1)	HORAS/ED. (2)	MODALIDADE		
					PRESENCIAL	TELEFOR- MACIÓN	TELEPRE- SENZA
	Política orzamentaria e desenvolvemento normativo	1	50	25		●	
	Retos públicos en materia económica	1	50	25		●	
	Lei xeral orzamentaria	1	50	25		●	
	Lei xeral tributaria	1	50	25		●	
●	Integridade e prevención na contratación pública	1	40	20			●
●	As obrigas de información á Administración tributaria	1	40	12			●
●	Políticas baseadas na evidencia e avaliación de políticas públicas: o enfoque avaliador e a súa aplicación práctica na mellora da xestión pública	1	40	25		●	●
●	Custo efectivo dos servizos públicos municipais: metodoloxía de cálculo e análise comparativa	1	40	25	●	●	
●	Procedemento tributario	1	50	25		●	
●	O sistema de financiamento das comunidades autónomas	1	50	25		●	
	Cláusulas sociais na contratación pública	1	40	15			●
●	Imposto sobre sociedades	1	50	25		●	
●	Imposto sobre o valor engadido	1	50	25		●	
	Imposto sobre a renda das persoas físicas	1	50	25		●	
●	Imposto de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados	1	50	25		●	
●	Actuación de asistencia mutua entre administracións tributarias	1	40	12			●
●	A xestión das subvencións públicas en Galicia	1	40	40		●	●
●	O dereito da competencia e a protección dos consumidores	1	50	30		●	
●	A elaboración dos orzamentos na Comunidade Autónoma de Galicia	1	40	35		●	●
●	O mecanismo de recuperación e resiliencia e os plans de prevención da fraude, a corrupción e o conflito de intereses.	1	50	20		●	

X. Programa de autoformación

O programa de autoformación está orientado á adquisición de coñecementos e habilidades de xeito autónomo. O participante asume un papel activo na súa formación e logra, a través desta modalidade, unha maior independencia para elaborar o seu propio plan de aprendizaxe.

Diríxese a todo o persoal ao servizo das diferentes administracións da Comunidade Autónoma, ao que se lle ofrece un amplo abano de cursos relativos a diversas áreas formativas que facilitan a capacitación para o desenvolvemento eficiente de calquera posto de traballo.

Ademais esta formación posibilita acreditar a súa competencia mediante unha proba voluntaria que lle dá dereito a obter un certificado de equivalencia.



a Réxime xurídico e actividade financeira das administracións públicas				
NOVO	TÍTULO	PRAZAS (1)	HORAS/ED. (2)	MODALIDADE
●	Lei de recuperación da terra agraria de Galicia	200	25	Autoformación
	Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia	200	25	Autoformación
	Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia	200	25	Autoformación
	Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia	200	25	Autoformación
●	A transformación e evolución do emprego público desde a Lei 2/2015	200	20	Autoformación
	Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido do Estatuto básico do empregado público	200	25	Autoformación
	O persoal laboral ao servizo da Xunta de Galicia: V Convenio colectivo único de persoal laboral	200	20	Autoformación
	Incompatibilidades do persoal empregado público de Galicia	200	18	Autoformación
	Réxime disciplinario do persoal empregado público de Galicia	200	15	Autoformación
	Prestacións da seguridade social e cotizacións	200	30	Autoformación
	Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas	200	25	Autoformación
	Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público	200	25	Autoformación
	O exercicio da competencia administrativa na Lei 40/2015, do 1 de outubro	200	25	Autoformación
	Revisión dos actos en vía administrativa	200	25	Autoformación
	A responsabilidade patrimonial da Administración pública	200	30	Autoformación
	A xurisdición contencioso-administrativa	200	25	Autoformación
	Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia	200	20	Autoformación
	Tramitación de expedientes de contratación na Administración autonómica	200	30	Autoformación
	Contratación estratéxica	200	35	Autoformación
	Os convenios de colaboración: elaboración e tramitación	200	20	Autoformación
	Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia	200	20	Autoformación
	Básico de subvencións e normativa aplicable	200	30	Autoformación
	Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social	200	20	Autoformación
	A protección do menor ante os medios de comunicación	200	30	Autoformación
	Xestión de indemnizacións por razón de servizo na Administración autonómica	200	25	Autoformación

(1) Fai referencia ao total das prazas convocadas para participar nas probas de avaliación do programa de autoformación, para os distintos contidos dispoñibles.

(2) Trátase das horas que se acreditan no correspondente certificado de equivalencia que se obtén tras a superación das probas de avaliación para cada un dos contidos dispoñibles na modalidade de autoformación.

b Unión Europea: políticas públicas e procedementos comunitarios				
NOVO	TÍTULO	PRAZAS (1)	HORAS/ED. (2)	MODALIDADE
	Introdución á Unión Europea e ao seu dereito	200	24	Autoformación
●	Introdución ao dereito da Unión Europea para os xestores públicos	200	30	Autoformación
	Acción exterior das administracións públicas galegas: Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia	200	30	Autoformación

c Comunicación, organización do traballo e mellora das habilidades				
NOVO	TÍTULO	PRAZAS (1)	HORAS/ED. (2)	MODALIDADE
	Básico en prevención de riscos laborais	200	50	Autoformación
	Prevención de riscos laborais en oficinas e despachos	200	15	Autoformación
	Prevención de riscos psicosociais: o estrés laboral	200	20	Autoformación
	Prevención e xestión de conflitos	200	25	Autoformación
	Cambio e motivación nas organizacións	200	15	Autoformación
	Diagnóstico do clima organizacional. A optimización do recurso humano	200	30	Autoformación
●	Organización e simplificación do traballo administrativo	200	12	Autoformación
	Técnicas para unha boa redacción dos documentos administrativos	200	15	Autoformación
	A calidade da redacción administrativa. Técnicas para unha boa redacción dos documentos administrativos	200	20	Autoformación
	Manual de estilo do DOG e outras publicacións institucionais	200	20	Autoformación
●	Técnicas efectivas para preparar presentacións	200	20	Autoformación
●	Dixitalización de documentos	200	25	Autoformación
●	Básico de protocolo e organización de eventos	200	20	Autoformación
	Técnicas elementais de arquivos	200	25	Autoformación

(1) Fai referencia ao total das prazas convocadas para participar nas probas de avaliación do programa de autoformación, para os distintos contidos dispoñibles.

(2) Trátase das horas que se acreditan no correspondente certificado de equivalencia que se obtén tras a superación das probas de avaliación para cada un dos contidos dispoñibles na modalidade de autoformación.

d Igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero				
NOVO	TÍTULO	PRAZAS (1)	HORAS/ED. (2)	MODALIDADE
	Básico en igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero	200	20	Autoformación
	Formación básica en igualdade de xénero nas administracións públicas	200	20	Autoformación
●	A educación emocional como ferramenta para promover a igualdade	200	20	Autoformación
	Formación básica para a sensibilización e prevención da violencia de xénero	200	20	Autoformación
●	Aproximación á violencia de xénero	200	30	Autoformación
	Linguaxe administrativa non sexista e imaxe igualitaria na práctica da xestión pública	200	30	Autoformación

e Administración electrónica, protección de datos e calidade administrativa				
NOVO	TÍTULO	PRAZAS (1)	HORAS/ED. (2)	MODALIDADE
	Introdución á protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais	200	30	Autoformación
	Uso avanzado de aplicacións informáticas de follas de cálculo (LibreOffice Calc)	200	50	Autoformación
	Uso avanzado de aplicacións informáticas de tratamento de textos (LibreOffice Writer)	200	50	Autoformación
	Correo electrónico corporativo	200	12	Autoformación

f Plan formativo ofimático de Galicia				
NOVO	TÍTULO	PRAZAS (1)	HORAS/ED. (2)	MODALIDADE
	Aplicacións informáticas de tratamento de textos (LibreOffice Writer)	200	30	Autoformación
	Aplicacións informáticas de tratamento de textos (Microsoft Office 2019)	200	30	Autoformación
	Aplicacións informáticas de follas de cálculo (LibreOffice Calc)	200	50	Autoformación
	Aplicacións informáticas de follas de cálculo (Microsoft Office 2019)	200	50	Autoformación
	Aplicacións informáticas de bases de datos relacionais (LibreOffice Base)	200	50	Autoformación
	Aplicacións informáticas de bases de datos relacionais (Microsoft Office 2019)	200	50	Autoformación
	Aplicacións informáticas para presentacións gráficas de información (LibreOffice Impress)	200	30	Autoformación
	Aplicacións informáticas para presentacións gráficas de información (Microsoft Office 2019)	200	30	Autoformación
	Sistema operativo, busca da información: internet/intranet e correo electrónico (Windows 10)	200	30	Autoformación
	Sistema operativo, busca da información: internet/intranet e correo electrónico (GNU/Linux Debian 9)	200	30	Autoformación

(1) Fai referencia ao total das prazas convocadas para participar nas probas de avaliación do programa de autoformación, para os distintos contidos dispoñibles.

(2) Trátase das horas que se acreditan no correspondente certificado de equivalencia que se obtén tras a superación das probas de avaliación para cada un dos contidos dispoñibles na modalidade de autoformación.

X. Interésache saber...

Neste apartado atoparás información sobre diferentes cuestións de interese para o acceso e a participación nas actividades formativas da EGAP. A información contida neste apartado é de carácter xeral, polo que é preciso que teñas en conta tamén os requisitos que se fagan constar nas distintas convocatorias.





Como solicitar un curso?

O persoal das distintas administracións que desexe participar nos cursos do Plan de formación da EGAP deberá cubrir o formulario de matrícula telemática na páxina web da EGAP (<https://egap.xunta.gal>)

Para solicitar cursos a través da web, é necesario identificarse empregando o usuario da EGAP (NIF e contrasinal), ou o usuario do dominio Xunta (usuario do correo electrónico @xunta.gal). Se é a primeira vez que os solicita, debe rexistrarse e **cubrir** o formulario de alta cos seus datos (no apartado "Rexistrar unha conta para acceder ás aplicacións")

Se xa dispón dunha conta, debe introducir o seu NIF (sen guións, nin puntos, nin espazos) e o contrasinal que vostede indicou no proceso de alta (ou nunha modificación posterior).

No caso de que haxa un prazo de matrícula aberto, no apartado de "**CURSOS DISPOÑIBLES**" deberá es-

coller a **área de formación** á que pertence o curso no que se queira matricular, o **nome** da actividade formativa e a **edición**. Finalmente debe premer no botón "**SOLICITAR**".

Unha vez que se matricule, e durante todo o prazo de matrícula, poderá anular as súas solicitudes e facer outras novas.

Cando solicitar un curso?

Para a formación do persoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma, incluído o persoal da Administración institucional e entes instrumentais do sector público de Galicia, efectúanse dúas convocatorias ao longo do ano, e cada unha delas inclúe actividades correspondentes ao programa de formación en competencias transversais e ao de formación en competencias específicas. Pola súa parte,

a formación específica para o persoal ao servizo das entidades locais de Galicia, a destinada ao persoal ao servizo da Administración de xustiza de Galicia e a específica para o persoal de administración e servizos (PAS) das universidades do Sistema universitario de Galicia conta cunha única convocatoria anual para cada un dos colectivos referidos. Cada convocatoria, que será publicada no DOG, establecerá o prazo de presentación das solicitudes.

Coa finalidade de que o conxunto do persoal empregado público poida acceder a estes contidos formativos, tamén se efectuarán convocatorias específicas para as actividades do portal de idiomas, as do plan formativo ofimático de Galicia, as actividades comprendidas no programa de autoformación e para as actividades formativas en materia de igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero. Respecto destas últimas, o obxectivo é garantir o acceso a estes contidos específicos por parte do persoal das distintas administracións públicas da Comunidade Autónoma, e contribuír así á consecución da igualdade, e á erradicación da violencia de xénero na sociedade.

No caso das actividades de formación continua programadas no marco do Instituto de Economía Pública de Galicia (IEP), realizaranse dúas convocatorias ao longo do ano, referidas cada unha delas ás actividades formativas que se vaian desenvolver no correspondente semestre.

Quen pode participar no Plan de formación 2023?

Poderán participar nas accións formativas incluídas nos programas de formación en competencias transversais e formación en competencias específicas, o persoal empregado público destinado na Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, nas entidades públicas instrumentais enunciadas na letra a) do artigo 45 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, e na Administración institucional, que se encontre en situación de servizo activo (incluído permiso por nacemento para a nai biolóxica, adopción ou acollemento, permiso do proxenitor distinto da nai biolóxica por nacemento, garda con fins de adopción, acollemento ou adopción ou excedencia polo coidado dun/dunha fillo/a ou dun/dunha familiar) e que reúna os requisitos xerais e específicos establecidos na correspondente convocatoria. Está exceptuado o persoal docente da Consellería de Cultura, Educación e Universidade; o persoal das escalas dos corpos da policía de Galicia e bombeiros, e o persoal do Servizo Galego de Saúde.

No programa de formación específico para o persoal ao servizo da Administración de xustiza, poderán participar os/as empregados/as públicos/as e persoas integrantes das bolsas de interinos dos corpos de xestión procesual e administrativa, tramitación

*COMPROMISO
5.2*

O interesado ou interesada poderá consultar o estado das súas solicitudes (selección, reserva, renuncia, abandono e diploma) a través do enlace "zona de matrícula" da web da EGAP, durante o transcurso do ano ao que corresponde a actividade, sempre que a inscrición se faga a través deste enlace. Así mesmo, notificaránelles persoalmente ás persoas solicitantes os cambios nos referidos estados a través de correo electrónico e/ou de SMS.

Carta de servizos da EGAP

*COMPROMISO
2.5*

Publicar na páxina web da EGAP a relación das persoas seleccionadas para participar nunha actividade formativa e comunicarlles a súa selección a través dun correo electrónico e/ou dunha mensaxe de texto ao móbil (SMS), sempre e cando se lle facilitasen estes datos á EGAP a través da zona de matrícula.

Carta de servizos da EGAP

procesual e administrativa, auxilio xudicial e médicos forenses da Administración de xustiza en Galicia, que se atopen en situación de servizo activo (incluído permiso por maternidade, adopción ou acollemento ou excedencia polo coidado dun/ha fillo/a ou dun/ha familiar) e que reúnan os requisitos establecidos na correspondente convocatoria.

As actividades formativas do programa de formación específico para o persoal ao servizo das entidades locais diríxense ao persoal funcionario de Administración local con habilitación de carácter nacional e o resto do persoal empregado público ao servizo das

entidades locais da Comunidade Autónoma, ou que estea prestando servizos noutras administracións públicas de Galicia, que se encontre en situación de servizo activo (incluído o permiso por maternidade, adopción ou acollemento ou a excedencia polo coidado dun/dunha fillo/a ou dun/dunha familiar) e que reúna os requisitos establecidos na correspondente convocatoria.

No programa de formación para o persoal de administración e servizos (PAS) das universidades do Sistema universitario de Galicia, poderá participar o PAS da Universidade de Santiago de Compostela

(USC), da Universidade da Coruña (UDC) e da Universidade de Vigo (UVigo) que se atope en situación de servizo activo (incluíndo permiso por maternidade, adopción ou acollemento ou excedencia polo coidado dun/dunha fillo/a ou dun/dunha familiar) e que reúna os requisitos establecidos na correspondente convocatoria.

Nas actividades que se desenvolvan no marco do Instituto de Economía Pública de Galicia (IEP), coas que se pretende, no seu conxunto, analizar os principais retos que se lles presentan ás administracións públicas en materia económica e orzamentaria, poderá participar o persoal empregado público ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das súas entidades públicas instrumentais, da Administración institucional de Galicia, das entidades locais de Galicia e o persoal de administración e servizos (PAS) das universidades do Sistema universitario de Galicia, que se encontre en situación de servizo activo (incluído o persoal que teña concedido un permiso por motivos de conciliación da vida persoal, familiar e laboral) e que reúna os requisitos establecidos na correspondente convocatoria.

Nas actividades enmarcadas no programa de autoformación, portal de idiomas, plan formativo ofimático de Galicia e plan de formación en igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero poderán participar todos os colectivos sinalados nos parágrafos anteriores, sempre que se atopen nas si-

tuacións enumeradas e cumpran os requisitos especificados nas correspondentes convocatorias.

Como se seleccionan as persoas participantes?

En cada convocatoria, estableceranse as limitacións respecto do número máximo de cursos que é posible solicitar, así como os colectivos de persoas empregadas públicas destinatarias das actividades promovidas, en función da Administración a que pertencen. Nas actividades formativas que convoque a Escola, serán de aplicación os criterios de selección de carácter xeral que se atopen vixentes, sen prexuízo de que se poidan aplicar outros criterios específicos, que se farán constar de xeito expreso na correspondente convocatoria.

Como sei se estou admitido/a nun curso?

A EGAP publicará na súa páxina web (<https://egap.xunta.gal/>) a relación das persoas seleccionadas para participar en cada actividade formativa, así como a correspondente listaxe de reservas. Ademais, comunicáraselle a súa admisión a través do correo electrónico e dunha mensaxe telefónica, no caso de que facilitara un teléfono móbil. Neste senso, é imprescindible que os datos de contacto (correo electrónico, teléfono móbil e enderezo postal) se atopen actualizados e sexan correctos, para garantir a recepción das comunicacións emitidas desde a EGAP.

Se unha vez seleccionado/a non podo asistir ao curso, que debo facer?

O persoal seleccionado só poderá renunciar ao curso por causa de forza maior suficientemente xustificada, necesidade do servizo ou outras causas xustificadas, sempre que así o acredite documentalmente.

A renuncia debe ser comunicada por escrito, mediante o formulario de renuncia dispoñible na páxina web da EGAP (<https://egap.xunta.gal/formulariosrecursos>), que haberá de ser remitido por correo electrónico cunha antelación de 3 días hábiles con respecto ao inicio do curso, co fin de cubrir a vacante. A renuncia non xustificada, ou se non se acredita documentalmente a causa que a produce, suporá a exclusión da persoa seleccionada nas convocatorias do ano seguinte.

Indicacións sobre a asistencia aos cursos

Nas actividades formativas presenciais unicamente poderá autorizarse a ausencia por causas xustificadas, que se acreditará documentalmente ante o servizo competente da EGAP ou a persoa responsable do curso.

As faltas de asistencia non poderán superar o 10% das horas lectivas presenciais e, en todo caso, deberán xustificarse documentalmente nun prazo máximo de 10 días. De non facelo, perderase o dereito ao correspondente certificado. Así mesmo, aquelas persoas

cuxas faltas de asistencia superen o 50% das horas pasarán ao final das listaxes de agarda de todas as actividades que soliciten e cuxo prazo de matrícula comece dentro do ano seguinte.

Pluralidade de modalidades formativas

Con este plan formativo, a EGAP continúa a reforzar a súa aposta polo emprego de diferentes contornas de aprendizaxe e metodoloxías de ensino baseadas no uso dos medios telemáticos, o cal constitúe unha liña estratéxica da súa actuación, en liña cos cambios experimentados nos procesos formativos, como consecuencia do emprego das novas tecnoloxías, das posibilidades de acceso á información que existen na actualidade e do novo contexto social no que desenvolven a súa actuación as administracións públicas.

O Plan de formación para 2023 inclúe, así pois, unha ampla oferta nas modalidades de teleformación, telepresenza e autoformación, modalidades, todas elas, amplamente consolidadas na oferta formativa da EGAP, e coas cales se pretende conferir unha maior flexibilidade aos procesos formativos, así como favorecer o acceso á formación e facilitar a conciliación dos tempos por parte do persoal empregado público.

O impulso ás modalidades baseadas no uso dos medios telemáticos realízase sen menoscabo da docencia presencial e do desenvolvemento de actividades

de carácter mixto, que combinan diversas modalidades formativas, naqueles casos nos que, atendendo a criterios pedagóxicos, así sexa recomendable.

Deste xeito, afondando nunha acción estratéxica consolidada nestes anos, a EGAP continúa a potenciar o seu espazo virtual de coñecemento, cunha formación en liña, ampla e diversificada, mediante a cal o alumnado poida xestionar o seu proceso de aprendizaxe. Coa aposta polas modalidades baseadas no uso dos medios telemáticos, preténdense aproveitar todas as súas potencialidades, particularmente no que respecta a facilitar o acceso á formación e promover a conciliación.

O programa de autoformación

Desde a vontade de promover a equidade no acceso aos contidos máis demandados por parte do alumnado, continúaase a ofertar unha gran diversidade de contidos na modalidade de autoformación. O obxectivo é favorecer a aprendizaxe autónoma, a flexibilidade e a actualización permanente dos coñecementos. Esta metodoloxía posibilita que cada persoa xestione o seu proceso de aprendizaxe e poida mellorar así a conciliación dos tempos.

Poderase acreditar a competencia adquirida mediante unha proba voluntaria, que dá dereito a obter un certificado de equivalencia. É preciso ter en conta que o acceso aos contidos das actividades do programa de

autoformación non implica a obriga de presentarse ás probas de avaliación, nin tampouco constitúe un requisito para matricularse nelas.

Onde podo consultar o plan formativo vixente?

Pode consultar o plan formativo íntegro no portal da EGAP, no menú "Formación". Desde o apartado "Cursos" do menú despregable, poderá obter toda a información acerca da actividade que sexa do seu interese.

Con independencia da publicación no DOG e noutros medios que, para cada caso, se consideren oportunos, na páxina web da EGAP publicaranse as convocatorias e toda a información para participar nas actividades formativas dirixidas ao persoal das distintas administracións.

Avaliación do Plan de formación 2023

A avaliación dos plans formativos, concibida como un proceso sistemático e permanente de recollida de información e da súa posterior análise, está xa consolidada como un dos piares esenciais nos que se sustenta o modelo formativo da EGAP, o cal se enfoca á mellora continua dos procesos formativos. O anterior implica levar a cabo unha avaliación da totalidade das actividades enmarcadas no plan de formación,



atendendo especificamente aos parámetros de calidade docente, e tendo en conta as especificidades das distintas modalidades e metodoloxías de ensino.

A avaliación do Plan de formación permite mellorar a programación das actividades, adecuar a formación ás necesidades, requirimentos e expectativas dos usuarios, favorecer procesos de aprendizaxe máis efectivos, coñecer os niveis de satisfacción coa formación e co labor docente, mellorar a calidade das actividades e, en último termo, reforzar a transparencia, a rendición de contas e o control de resultados.

Realízase tamén un seguimento do plan destinado a analizar outros indicadores, como pode ser a demanda rexistrada (isto é, o número de solicitudes para participar en cada actividade con respecto ás prazas dispoñibles) e tamén o nivel de superación ou aproveitamento dos cursos; o cal tamén constitúe unha valiosa fonte de información para a mellora na programación das actividades.

Como podo participar na avaliación?

Todas as persoas que participan nas actividades comprendidas no plan poden participar na súa avaliación, cubrindo os cuestionarios que se lles facilitan, os cales presentan carácter anónimo. A través destes cuestionarios, o alumnado pode valorar os distintos aspectos relativos á planifi-



COMPROMISO

4.1

A EGAP avaliará o 100% das accións formativas que desenvolva anualmente, para o que poñerá á disposición do alumnado os medios para que participe activamente na avaliación da formación, a través dun cuestionario de satisfacción ao remate de cada acción formativa, no que poderá valorar as características e o desenvolvemento do curso e expresar calquera suxestión, queixa ou observación que estime oportuna. A EGAP atenderá os resultados destas avaliacións na programación das súas actividades.

Carta de servizos da EGAP

cación e ao desenvolvemento da actividade formativa en cuestión, atendendo aos aspectos organizativos, aos criterios pedagóxicos, á metodoloxía empregada no curso etc. Os cuestionarios contan cun bloque de cuestións dirixidas especificamente a avaliar o labor de docencia e titorización, o cal fai referencia a distintos parámetros en función da modalidade de impartición, e os resultados son tidos en conta para revisar o desempeño na actividade docente. Por outra parte, grazas á incorporación de preguntas de carácter aberto, poden tamén facer chegar aquelas observacións, queixas e suxestións de mellora que crean pertinentes.

COMPROMISO 4.2

Responder ás solicitudes do persoal coordinador, directores, persoal docente e alumnado que estean interesados en coñecer os resultados das enquisas de satisfacción das actividades nas que participaron, no prazo máximo de 30 días naturais desde a recepción da solicitude, que se ha de realizar a través do enderezo electrónico investigacion.egap@xunta.es

Carta de servizos da EGAP

COMPROMISO 4.5

O alumnado avaliará o persoal docente mediante cuestionarios anónimos e a EGAP terá en conta os resultados desas valoracións para revisar o desempeño daquel profesorado que obteña unha cualificación media inferior a 3, sobre unha escala do 1 ao 5, así como para decidir a posible renovación da súa colaboración docente coa EGAP.

Carta de servizos da EGAP

Como podo coñecer os resultados da avaliación?

As persoas que participan nunha actividade formativa (persoal que coordina ou dirixe a actividade formativa, persoal docente, alumnado etc.) poden coñecer os resultados globais da avaliación da correspondente actividade e do labor de docencia ou titorización, así como o detalle das valoracións acadadas na correspondente actividade. En todos os casos, teranse en conta diferentes parámetros cos que se pretende, no seu conxunto, avaliar a calidade formativa, tendo en conta as particularidades de cada actividade e a modalidade de impartición.

Suxestións

Desde a EGAP, agradecemoslle que nos faga chegar todas aquelas suxestións que contribúan a mellorar o Plan de formación (aspectos organizativos, tecnolóxicos, loxísticos etc) e a adecuar a oferta formativa da EGAP ás súas expectativas. Lembre que pode enviar os seus comentarios a través do formulario de contacto da páxina web da EGAP, na ligazón <https://egap.xunta.gal/contacta>.



Os criterios para cualificar unha actividade como “nova” son os seguintes: que se trate de contidos que non foran impartidos nos plans de formación dos anos anteriores, que a actividade en cuestión se imparta nunha modalidade diferente, ou que se dirixa a un grupo de destinatarios para os que a dita actividade non fora anteriormente convocada; será necesaria unicamente a concorrencia dun destes supostos. A este respecto, os cursos nos que o carácter novidoso se defina atendendo aos contidos aparecerán sinalados cun ● e aqueles aos que se lles atribúa tal condición en función da modalidade figurarán cun ● mod.

Esta publicación ten carácter meramente informativo e a execución das accións recollidas nela queda condicionada á existencia de crédito orzamentario adecuado e dispoñible e ao que se estableza en cada convocatoria.



Centraliña
981 546 040
Información xeral

**Servizo de Programación
das Actividades de Formación**
981 546 323
programacion.egap@xunta.gal

**Servizo de Estudos, Investigación
e Publicacións**
981 546 241
novas.egap@xunta.gal

**Servizo de Xestión das Actividades
de Formación e Selección**
981 546 257
xestion.egap@xunta.gal

<https://egap.xunta.gal>



ESCOLA GALEGA
DE ADMINISTRACIÓN
PÚBLICA